



EDICTO

A Corporación Municipal en sesión plenaria ordinaria celebrada o día 26 de novembro de 2009, adoptou acordo de aprobación inicial da Ordenanza Reguladora da actividade de ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras, e contra a mesma durante o prazo de exposición ao público, segundo edicto publicado no Boletín Oficial da Provincia número 238, de data venres 11 de decembro de 2009, e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial, se presentaron reclamacións, quedando aprobado definitivamente o mesmo na sesión plenaria ordinaria celebrada o día 28 de xaneiro de 2010, polo que se fai público o texto da devandita ordenanza da forma seguinte:

ORDENANZA REGULADORA DA ACTIVIDADE DE OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS E CADEIRAS.

TÍTULO PRELIMINAR.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O Concello de Vilagarcía de Arousa precisa dispor dunha Ordenanza Reguladora da actividade de ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras coa finalidade de establecer a regulación das autorizacións municipais para a instalación de terrazas anexas aos establecementos de hostalería.

Nos últimos anos a ocupación de espazo público con terrazas aumentou considerablemente. Esta situación fai necesaria a redacción dunha ordenanza capaz de regular ditas autorizacións de instalacións de terrazas co fin de facer compatible a utilización do espazo público para o disfrute dos usuarios da vía coa ocupación da mesma por parte dos titulares dos establecementos. Tómanse así medidas tendentes a buscar un equilibrio e unha distribución equitativa e razoable do dominio público.

TÍTULO I



OBJECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1.: Obxecto

1.- O obxecto desta Ordenanza é a regulación das autorizacións e o procedemento para o outorgamento para a instalación de terrazas anexas aos establecementos de hostalería no Concello de Vilagarcía de Arousa.

2.- Exclúese da aplicación desta Ordenanza os actos de ocupación da vía pública de actividades de hostalería que se realicen con ocasión de feiras, festas, actividades deportivas e similares.

3.- Non son obxecto desta Ordenanza a instalación de quioscos ou instalacións permanentes en espazos exteriores de dominio público municipal.

4.- En canto aos toldos haberá que estar ao disposto na normativa municipal correspondente e a regulación destes elementos recollida no Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Artigo 2.: Ámbito de aplicación.

Esta Ordenanza aplicarase ás terrazas de mesas, cadeiras, parasois, e no seu caso macetóns ou mamparas, elementos de mobiliario urbano móbiles e desmontables, anexas aos establecementos de hostalería no ámbito territorial do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Artigo 3.: Definicións.

1. Enténdese por terraza, aos efectos desta Ordenanza, aquela zona de terreo de uso público, susceptible de aproveitamentos relacionados con actividades propias de hostalería, mediante a colocación de mesas, cadeiras, e parasois colocados en liña de fachada ou fronte ao establecemento, ou calquer outra zona que os técnicos determinen, como zona de extensión ou ampliación da actividade que se exerce dentro de dito establecemento.

2.- Enténdese por velador a unidade de superficie, agrupadas en módulos de 2x2 metros, composta por unha mesa e catro cadeiras.

3.- Prohíbese a colocación nas terrazas de frigoríficos, máquinas expendedoras de produtos, máquinas de xogos, carriños de xeados, máquinas expendedoras de bebidas ou calesqueira outro elemento anexo a este tipo de establecementos.



A instalación de carteis anunciadores de menú permitirase sempre que se trate dun modelo estéticamente uniformado, que se axuste ás condicións ornamentais da presente ordenanza, sendo o Concello o competente para establecer dita adecuación.

4.-. Poderase autorizar a colocación de macetóns ou mamparas para delimitar a zona, devendo especificarse os que se pretenden instalar no plano que se aporte xunto coa solicitude, así como o tipo ou modelo utilizado, e sempre que non sobrepasen os límites da autorización, debendo retirarse diariamente ao igual que os outros elementos da autorización.

TÍTULO II

RÉXIME XURÍDICO.

CAPÍTULO 1: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 4.: Autorizacións.

1.-As autorizacións que se concedan supoñen un aproveitamento privativo e especial do dominio público municipal polo que se entenderán outorgadas a título de precario e quedarán sen efecto cando a xuízo da Autoridade Municipal concorran razóns de interese público ou urbanísticas, sen que os particulares teñan dereito a indemnización algunha.

Todas as autorizacións outorgaranse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiros. O exercizo da actividade desenvolverase a risco e ventura dos interesados.

Non poderán ser arrendadas, nin cedidas, nin directa nin indirectamente, en todo ou en parte.

2.- O petionario da autorización non ostenta un dereito preexistente á súa obtención, polo que nin a presentación da solicitude de autorización de ocupación da vía pública nin o pagamento das taxas correspondentes, autorizan ao interesado para instalar a terraza.

3.- A competencia para a concesión de autorización de ocupación con terrazas e estruturas auxiliares, corresponde á Sra. Alcaldesa, previo os informes dos Servizos Técnicos Municipais, debendo axustarse a autorización ao disposto nesta Ordenanza.

4.- A instalación de terrazas sen a preceptiva autorización ou sen axustarse ás condicións da autorización, dará lugar á inmediata orde de retirada, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer e subsidiariamente retirada polo Concello a costa do interesado.



5.- A autorización para a instalación da terraza dará dereito a exercer a actividade nos mesmos termos que establece a correspondente autorización de apertura do establecemento, coas limitacións que, en materia de consumo, prevención de alcoholismo, emisión de ruidos, etc. se establecen nas Ordenanzas municipais e lexislación sectorial aplicable.

6.- A autorización expedida polo Concello deberá estar nun lugar visible da terraza e deberá exhibirse á Autoridade Municipal, cantas veces sexa requerida.

Artigo 5.: Renovación

A validez da autorización corresponde co ano natural. O feito de ter sido titular de autorización en periodos anteriores non xenera para o interesado dereito algún en posteriores peticións, nin vincula en canto ao número de elementos autorizados.

Artigo 6.: Titularidade das autorizacións.

1- Poderán solicitar a autorización os titulares de establecementos de hostalería, sempre que a actividade se desenvolva de conformidade coas normas urbanísticas e sectoriais que a regulen, ou persoa que legalmente a represente.

2.- A efectos do disposto no apartado anterior, terase en consideración a titularidade e a actividade que consten na autorización de apertura.

Artigo 7.: Transmisibilidade.

1.- As autorizacións serán transmisibles conxuntamente coa do establecemento sempre e cando o antigo e o novo titular comuniquen esta circunstancia por escrito ao Concello.

CAPÍTULO 2: PROCEDEMENTO, DETERMINACIÓN DA SUPERFICIE A OCUPAR E OBRIGA DE RESOLVER.

Artigo 8.: Unidades de superficie.

1.- A autorización non se concederá por mesas, senón por unidades de superficie. Unha superficie correspóndese cun velador, de acordo coa definición establecida no artigo 3.2.



2.- Estas unidades agruparanse en módulos de 2x2 metros correspondentes a unha mesa e catro cadeiras.

Con carácter excepcional e en circunstancias puntuais, previo acordo entre o hosteleiro e o Concello, poderase conceder outras distribucións, sempre e cando non afecte aos metros totais correspondentes.

Artigo 9.: Solicitudes.

1.- O procedemento comenará coa solicitude do interesado na que ademais dos datos esixidos no artigo 70.1 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, faranse constar os seguintes extremos:

a) Nome ou razón social e dirección do local do establecemento hosteleiro desde o que se atenderá a terraza solicitada.

b) Fotocopia da autorización de apertura do local á que se refire o apartado anterior e se todavía non se conta con ela, indicación da data na que se solicitou.

c) Sinalamento exacto do espazo que se pretende ocupar con mención do nome do espazo público que se quere ocupar.

d) Extensión da superficie en metros cadrados da terraza e do local principal.

e) Número de unidades de superficie ou veladores; así coma no seu caso, os demais elementos (macetóns/mamparas) de separación, que se pretenden instalar.

2.- Á solicitude acompañarase obrigatoriamente a seguinte documentación:

a) Fotografía da fachada do local e do espazo exterior onde se pretende ubicar a terraza.

b) Plano de situación da cartografía municipal a escala 1:2000.

c) Plano acotado da superficie que se pretende ocupar pola terraza a escala 1:100, no que se reflexará a situación do local do que depende, a dos elementos que compondrán a terraza, os espazos libres, ancho da beirarrúa ou do espazo de que se trate, franxas de itinerario peonil, distancias ás fachadas e bordillos, elementos urbanos que existan na zona (árbores, papeleiras, farolas...) e demais aspectos relevantes para comprobar a adecuación ás previsións da Ordenanza.

d) Fotografías ou planos dos elementos que se pretendan instalar.

e) Documento de autoliquidación e ingreso da taxa polo aproveitamento especial pretendido, segundo resulte por aplicación da correspondente Ordenanza Fiscal.



Artigo 10.: Instrucción do procedemento.

1.- O procedemento tramitarase pola Xerencia de Urbanismo.

2.- Deberase comprobar a veracidade dos datos reflexados na solicitude, e a adecuación en todos os aspectos da terraza que se pretende instalar aos intereses xerais, á presente Ordenanza e ao resto do ordenamento xurídico. Como regra xeral incorporará informe técnico. Poderanse solicitar informes a outros servizos administrativos (tráfico, parques e xardíns, accesibilidade, medio ambiente...)

3.- Finalmente elevarase á Sra. Alcaldesa proposta de resolución que sinalará todas as limitacións ás que se verá suxeita a autorización.

4.- Á proposta de resolución acompañarase ademais un documento que conteña as condicións particulares e un plano representativo da ocupación permitida que será a que deberá estar dispoñible no establecemento e exposto segundo o disposto no artigo 4.6

Artigo 11.: Resolución.

1.- Resolverá a Sra. Alcaldesa.

2.- As resolucións, especialmente as denegatorias e as que introduzan limitacións ou as que se afasten do solicitado polo solicitante, haberán de ser motivadas.

3.- Á notificación da resolución acompañarase un documento que conteña as condicións particulares e un plano representativo da ocupación permitida que será o que deberá estar dispoñible no establecemento segundo o disposto no artigo 4.6.

4.- Sen perxuízo da obriga de resolver, a non contestación da petición no prazo dun mes, considerarase desestimada de forma tácita a efectos da interposición dos correspondentes recursos.

5.- Ao dictarse resolución procederase á liquidación definitiva das taxas e os ingresos complementarios ou devolucións que procedan de acordo co disposto na correspondente Ordenanza fiscal.

Artigo 12.: Extinción, modificación e suspensión das autorizacións.

1.- O incumprimento grave por parte do titular dos límites e condicións da autorización dará lugar, con independencia das sancións que puidesen proceder, á súa revogación. Consideraranse incumprimentos graves aqueles nos que o titular se exceda do autorizado en



canto ao espazo ocupado pola terraza, aos elementos que a compoñen ou ao horario; ou realicen actividades non permitidas e esté causando con iso perturbacións efectivas aos intereses xerais protexidos por esta Ordenanza.

2.- As autorizacións poderán ser revogadas, de maneira motivada, en calquera momento por razóns de interese xeral.

3.- A Administración poderá, nas mesmas condicións que no apartado anterior, modificar as autorizacións en canto á súa localización, extensión, mobiliario, horario ou calquer outro aspecto.

4.- Quedará automaticamente suspendida a eficacia da autorización pola celebración de procesións, cabalgatas, feiras, mercados, espectáculos, acontecementos deportivos, manifestacións ou eventos similares de interese preferente, así coma pola realización de obras, esixencias dos servizos públicos ou outras actividades, sempre que requiran ineludiblemente libre o espazo ocupado polas terrazas. Nestes casos non haberá dereito a devolución de taxas cando non supere os tres días.

5.- A extinción ou suspensión da autorización de apertura ou o peche por calquer causa legal do local ou establecemento desde o que se debe atender a terraza determinará igualmente a automática extinción ou a suspensión da autorización de terraza.

6.- Extinguida a autorización por calquer causa, o titular da mesma quedará obrigado a retirar todos os elementos desta e a non volver a instalala.

TÍTULO III CONDICIÓN DAS INSTALACIÓNS.

CAPÍTULO PRIMEIRO. EMPRAZAMENTO

Artigo 13.: Limitacións xerais.

1.- Unha vez instalada a terraza nas beirarrúas ou espazos peonís deberá deixarse un espazo mínimo libre de obstáculos de **1,80 metros**.

2.- Nas prazas non se poderá ocupar máis dun 40 % do total do espazo público. A mesma limitación establecerase para as rúas peonís de máis de 8 metros de anchura.

Artigo 14.: Condicións xerais de ubicación.



1.- A colocación de veladores, parasois, e no seu caso macetóns ou mamparas, nas vías públicas non suporá en ningún caso obstáculo para o tránsito peonil nin poderá perxudicar a seguridade deste, do tráfico rodado ou limitar o uso do mobiliario urbano.

2.- A autoridade municipal competente denegará a solicitude destas instalacións en calesqueira dos seguintes supostos:

-Que a instalación se pretenda realizar en calzada ou en zona de aparcamento de vehículos;

-Que supoña perxuízo para a seguridade viaria (disminución da visibilidade, distracción para o conductor;

-Que se pretendan instalar en zonas de carga e descarga;

-As situadas en pasos peonís.

3.- Deberán, en todo caso, deixarse completamente libres para a súa utilización inmediata, se fora preciso polos servizos públicos correspondentes:

-As entradas a galerías visitables.

-As bocas de rega.

-Os hidrantes.

-Os rexistros de rede de sumidoiro.

-As saídas de emerxencia.

-As paradas de transporte público.

-Os aparatos de rexistro e control de tráfico.

-Os respiradoiros dos aparcamentos subterráneos.

-Acceso a parques e xardíns.

-Os elementos de mobiliario urbano de uso común.

Artigo 15.: Horario de funcionamento.

1.- En relación ao horario de funcionamento estarase ao disposto na normativa vixente dictada pola Autoridade Autonómica competente.

2.- Finalizado o horario de funcionamento da terraza ou velador deberán retirarse todos os seus elementos da vía pública e depositarse no local privado e cerrado ao efecto coa salvidade prevista no artigo 22.



Artigo 16.: Concorrencia.

1-No suposto no que varios establecementos soliciten ocupar un mesmo espazo, o Concello delimitará o seu espazo en cuestión, que poderá referirse ao total da vía pública ou a parte da mesma, e adxudicará o espazo a ocupar en función dos criterios establecidos no apartado 2 do presente artigo. No suposto de que se produzan novas solicitudes con posterioridade a este reparto, poderá dar lugar á modificación das terrazas xa autorizadas.

2- Criterios de valoración, ata 15 puntos:

i- Antigüidade da terraza. (Tendo en conta que no primeiro ano de vixencia da presente Ordenanza todos contarán con 0 puntos) 1 punto por ano de antigüidade; ata un máximo de 5 puntos.

ii- Superficie total do establecemento. 1 punto por cada 10 metros cadrados; ata un máximo de 5 puntos.

iii- Lonxitude da fachada do establecemento en metros. 1 punto por cada 0,50 metros; ata un máximo de 5 puntos.

Artigo 17.: Seguro de responsabilidade civil.

A póliza de seguro de responsabilidade civil de que deba dispor o titular do establecemento deberá estender a súa cobertura aos posibles riscos de igual natureza que puideran derivarse do funcionamento da terraza.

Artigo 18.: Son.

Prohíbese a instalación de equipos reprodutores musicais, aténdose en todo caso ao disposto na normativa vixente.

Artigo 19.: Limpeza, hixene e ornato.

Os titulares das terrazas teñen a obriga de manter o mobiliario e a zona que ocupa a terraza, nas debidas condicións de limpeza, hixene, seguridade e ornato. Un informe que indique o non cumprimento deste requisito será suficiente para retirar a autorización correspondente.

CAPÍTULO SEGUNDO. MOBILIARIO



Sección primeira. NORMAS COMÚNS

Artigo 20.: Anclaxe.

Non se permitirá a anclaxe de ningún dos elementos da terraza ao pavimento (mesas, cadeiras, parasois).

Artigo 21.: Publicidade.

Os elementos das terrazas non poderán levar publicidade, salvo a do nome do Concello e/ou a marca de calidade do Concello, salvo que o soliciten e sexa expresamente autorizado polo órgano competente.

Dita solicitude acompañarase do proxecto publicitario a autorizar, que deberá ser acorde á imaxe, ornamento e estética que se contempla nesta ordenanza.

Artigo 22.: Retirada do mobiliario.

O mobiliario retirarase a diario ao rematar a xornada laboral e depositarase en local privado e cerrado ao efecto agás no periodo comprendido entre o 15 de xuño e o 15 de setembro no que se poderán deixar apilados na vía pública.

Artigo 23.: Material

En todo caso o Concello supervisará e autorizará o mobiliario a instalar na terraza. É obriga do Concello establecer por zonas o tipo de mobiliario a empregar para o que se consensuará co sector hosteleiro.

Sección Segunda. NORMAS ESPECÍFICAS

Artigo 24.: Veladores

O material do mobiliario das mesas e cadeiras deberá ser de boa calidade, sen aristas nin saíntes. Acéptase o emprego de materiais tales como madeira, aluminio ou enreixamento plástico.

Artigo 25.: Parasois.



1.- Serán de estructura resistente e serán desmontables para o cal se colocarán neles unha peza que garantice a súa estabilidade e a súa resistencia aos ventos. Así mesmo non poderán sobrepasar o espazo de ocupación que ten concedido o titular na autorización.

2.- Non se permitirán os parasois anclados ao pavimento e a súa altura máxima será de 2,30 metros, medidos desde o chan á parte superior do mesmo.

TÍTULO IV

CAPÍTULO PRIMEIRO. INSPECCIÓN, RESTABLECEMENTO DA LEGALIDADE E RÉXIME SANCIONADOR.

Artigo 26.: Inspección.

1.- Os axentes da Policía Local e os Inspectores Municipais, serán competentes para controlar o exacto cumprimento das normas establecidas na presente Ordenanza.

2.- As actas ou denuncias que realicen tendrán valor probatorio nos procedementos aos que se incorporen segundo o disposto no artigo 137.3 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Artigo 27.: Compatibilidade.

As responsabilidades administrativas que resulten do procedemento sancionador serán compatibles coa esixencia ao infractor da reposición da situación alterada ao seu estado orixinario; así como coa indemnización polos danos e perxuízos causados.

Artigo 28.: Restablecemento da legalidade. Instalacións sen autorizacións.

As instalacións suxeitas a esta Ordenanza que se implantan sobre terreos de dominio público municipal sen a preceptiva autorización serán retiradas de modo inmediato polos servizos municipais sen máis aviso que a notificación ao interesado da orde dictada pola Sra. Alcaldesa.

CAPÍTULO SEGUNDO. PROCEDIMENTO SANCIONADOR.

Artigo 29.: Denuncia



Toda persona natural ou xurídica, poderá denunciar ante o Concello calquer infracción da presente Ordenanza.

Artigo 30.: Infraccións e sancións.

1.- As infraccións dos preceptos destas Ordenanzas, serán sancionadas por resolución da Sra. Alcaldesa, con multas graduables dentro dos límites sinalados nesta Ordenanza así como na lexislación vixente, sen prexuízo da esixencia das demais responsabilidades administrativas e patrimoniais ás que deran lugar, incluída a execución subsidiaria a costa do obrigado.

2.- A imposición de sancións requirirán a previa instrucción do correspondente expediente, de conformidade cos principios e procedementos regulados na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se regula o procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Artigo 31.: Infraccións

Constitúen infraccións a esta Ordenanza os actos ou omisións tipificados como leves, graves ou moi graves dentro do expediente sancionador, de conformidade co disposto nos artigos seguintes:

Artigo 32.: Infraccións leves.

1.- Constitúen infraccións leves que se sancionarán con multa de entre **150 e 300 euros** as seguintes conductas:

- ◆ A instalación ou a utilización de mesas, cadeiras ou parasóis de características distintas ás autorizadas na autorización.
- ◆ A instalación de elementos permitidos por esta Ordenanza se non se autorizaron na autorización ou se teñen características diferentes das autorizadas ou se sitúan cunha disposición distinta da permitida na autorización.
- ◆ A instalación ou utilización de mesas, cadeiras e parasóis en número superior ao autorizado sen ocupar máis espazo que o permitido na autorización.
- ◆ Instalar mobiliario ou manter calquer outro elemento que non cumpra coas condicións de seguridade, hixene ou ornato.



- ◆ A realización de anclaxes no chan.
- ◆ Non recoller as mesas, cadeiras e demais elementos cando finalice o horario de utilización coa salvidade prevista no artigo 22.
- ◆ Non ter exposto no local e en lugar visible o documento que acredite o outorgamento da autorización.

2.- A comisión de tres infraccións leves no periodo dun ano levará ademais aparellada a suspensión da autorización por periodo dun mes.

Artigo 33.: Infraccións graves.

1.- Constitúen infraccións graves que se sancionarán con multa entre **301 e 600 euros** as seguintes conductas:

- ◆ A ocupación superior á autorizada cando non se den os requisitos para considerala infracción moi grave.
- ◆ Apilar ou almacenar o mobiliario en espazos públicos, incluso no autorizado para a instalación da terraza coa salvidade prevista no artigo 22.
- ◆ Incumplir o deber de limpar a terraza.
- ◆ A realización na terraza de actividades non permitidas ou sen a autorización ou autorización necesaria, cando non cause prexuízos nin para a seguridade nin para a tranquilidade públicas.
- ◆ Causar danos no dominio público, cando non constitúa infraccións moi graves.
- ◆ Incumprimento das normas e restriccións específicas de horarios de terrazas establecidas nesta Ordenanza.

2.- A comisión de tres infraccións graves no periodo dun ano levará aparellada a suspensión da autorización por periodo de 6 meses.

Artigo 34.: Infraccións moi graves.

1.- Constitúen infraccións moi graves que se sancionarán con multa de entre **601 e 1.000 euros** as seguintes conductas:

- ◆ A instalación de terrazas sen autorización.
- ◆ A instalación de terrazas cerradas, con obra ou instalacións desmontables ou non, salvo que conte con concesión ou título habilitante específico suficiente.



2.- A comisión dunha infracción moi grave levará aparalleda a perda definitiva da autorización.

Artigo 35.: Determinación da multa procedente en cada caso.

Para determinar a contía da multa aplicable a cada infracción dentro do mínimo e do máximo correspondente ás infraccións leves, graves e moi graves observarase o principio de proporcionalidade atendendo a cantos criterios sirvan para por de manifesto a antixuricidade da conducta e, en especial os seguintes:

- ◆ Existencia ou non de intencionalidade.
- ◆ A causación dun prexuízo grave para os intereses xerais.
- ◆ Beneficio obtido coa comisión da infracción.
- ◆ Tempo durante o que se cometeu a infracción.
- ◆ A reincidencia na comisión de infraccións.

Artigo 36.: Prescrición de infraccións e sancións.

As infraccións e sancións previstas nesta Ordenanza prescribirán segundo o disposto no artigo 132 da Lei de Rexime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Artigo 37.: Reclamación das taxas.

En todos os supostos de ocupación sen autorización ou superando os termos desta, ademáis da aplicación das medidas que procedan, procederase a liquidar e a esixir as taxas non pagadas correspondentes ao periodo no que se producise o aproveitamento do dominio público, segundo o establecido na correspondente Ordenanza Fiscal, a lexislación de facendas locais e demáis lexislación tributaria. Así mesmo, no seu caso, procederase a impoñer as sancións tributarias que resulten pertinentes.

A taxa abonada pola ocupación ou por superar os termos da autorización esixida na reclamación, non exime de que a terraza teña que axustarse en todo o disposto nesta Ordenanza, e de non se así, procederase á súa retirada.

Disposición transitoria.



Establécense unhas zonas denominadas de actuación inmediata (ZAI) conformada por: a Rúa A Baldosa, a Avenida da Mariña, a Praza da Liberdade, a Prazoleta que hai entre rúa Castro e rúa Cervantes e rúa Valentín Viqueira (Carril), que se deberán adecuar en todos os seus aspectos a esta Ordenanza no momento da súa entrada en vigor.

Quedarán a disposición do Goberno Local a sucesiva incorporación das demais zonas do ámbito territorial a aplicación desta norma en canto aos artigos 21 e 24.

Disposición derogatoria.

Tras a súa entrada en vigor quedan derogados cantos preceptos de anteriores Ordenanzas e normas locais se opoñan ao establecido nesta Ordenanza.

Disposición final. Entrada en vigor.

Esta Ordenanza entrará en vigor o 1 de outubro de 2010 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

En Vilagarcía de Arousa a 01 de febreiro de 2010

A Alcaldesa-Presidenta, M^a Dolores García Giménez.